



BOP

XOVES, 7 DE XUÑO DE 2018

N.º 129

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Informada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil dezaoto, a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial e da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2017; exponse ao público na Secretaría da Excma. Deputación Provincial, xunto cos documentos que a acompañan, por espazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións á mesma, de conformidade co art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, trinta e un de maio de dous mil dezaoto.- O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 1499

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

De conformidade co disposto na resolución da Alcaldía de 5 de xuño do actual, faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais, para a tempada 2018, no marco do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Baralla, mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR Galicia 2014 - 2020:

- Dous xefes de brigada
- Dous peóns conductores
- Seis peóns

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de Baralla, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fóra do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax ao concello (982363221) ou ao correo electrónico: concellobaralla@concellobaralla.es, comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente, antes de rematar o prazo de presentación da solicitude.

O prazo de presentación será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria.

Procedemento de selección: a realización dunha proba teórica tipo test e valoración de méritos, segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na web do concello na seguinte dirección www.concellobaralla.es.

Baralla, 5 de xuño de 2018.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 1538